



Pura Tejelo: "*Vestidos de organdí* é a recuperación da dignidade"

Vestidos de organdí mestura referencias e diferentes culturas, mitoloxías e obras literarias con imaxes da nosa cotiandade

No poemario, unha pluralidade de voces procuran respostas sobre o ser, o tempo, a morte ou o significado da vida

O poemario está publicado por Belagua

G24.gal25/02/2025

<https://www.g24.gal/-/pura-tejelo->

*Hai tempo que non sei en que cidade estou,
unha campá deserta semiurbana.
Unha xornada de traballo
convertida nun espectáculo fantasma.*

Son estes versos de 'Fotografía nocturna' un dos poemas que compoñen o último poemario de Pura Tejelo, *Vestidos de organdí*. Hoxe falamos con ela deste libro editado por Belagua.